

## Creación dun texto expositivo-argumentativo

Imos escribir un texto que combine a exposición (a transmisión de información obxectiva) e a argumentación (a defensa dunha opinión). Para iso, sigue estas indicacións.

**TEMA.** Escolle un tema sobre o que teñas información e que saibas explicar coas túas palabras. Pode ser unha realidade próxima (unha festa da vila, un xogo que practiques, o teu grupo musical favorito...), un tema social (como as competicións deportivas) ou un contido escolar (os medios de transporte, a reciclaxe...). É moi importante que fagas unha boa escolla para que non resulte demasiado difícil, porque é evidente que o escrito ten que ser totalmente persoal.

**ESTRUTURA.** Axusta o teu texto ás seguintes partes:

Título

Dous parágrafos expositivos (sobre características, orixes, consecuencias...):

1. Presentación do tema
2. Desenvolvemento da exposición

Tres parágrafos argumentativos (cunha postura persoal ante o tema):

3. Tese
4. Argumentos
5. Conclusión

**INICIOS.** Para usar correctamente determinados verbos, comezarás cada un dos parágrafos deste xeito:

1. Actualmente, ...
2. Para quen non o coñeza, cómpre explicar que ...
3. A este respecto, eu considero ...
4. Xórdeme múltiples razóns. A primeira que traio ao caso é ...
5. Para deixalo aínda máis claro, ...

**COHESIÓN.** Coida especialmente a cohesión textual, empregando mecanismos que eviten as repeticións innecesarias e marcadores ou conectores como os seguintes.

<b>Para ordenar as ideas:</b>	en primeiro lugar, en segundo lugar, a seguir, por un lado/unha parte, por outro lado/outra parte, a respecto de, polo que se refire a, por último, finalmente...
<b>Para engadir ideas relacionadas:</b>	ademais, despois, tamén, así mesmo, do mesmo xeito, igualmente, á parte diso, alén diso, e aínda máis...
<b>Para contrastar ideas ou indicar oposición:</b>	ante isto, pola contra, polo contrario, en cambio, porén, agora ben, iso si, non obstante, con todo, así e todo, de todos os xeitos, en calquera caso...
<b>Para confirmar/ampliar:</b>	en efecto, así é, efectivamente, nese caso, de feito...
<b>Para resumir e pechar:</b>	en resumo, en síntese, en conclusión, visto o anterior, para rematar...

EXEMPLO.

### *Os blogues*

**Actualmente,** os blogues constitúen a forma máis sinxela e efectiva de publicar contidos periodicamente na rede. O termo provén da composición das palabras inglesas *web* e *log* e pode considerarse, efectivamente, un caderno ou diario dixital. É unha das ferramentas da internet máis empregadas pola súa funcionalidade e custo cero; Wordpress, Blogaliza ou Blogger, por exemplo, permítenos abrir e manter unha bitácora de xeito totalmente gratuito.

**Para quen non os coñeza, cómpre explicar que** os blogues presentan artigos ou anotacións de xeito cronolóxico inverso. Os seus elementos fundamentais son o título, o post, as ligazóns e os comentarios. O título do caderno dixital adoita referirse á temática tratada (cine, cociña, viaxes...); o da propia anotación soe conter unha ligazón específica que converte cada post nunha entrada independente, cos seus comentarios. Por outro lado, é moi común que conteña elementos multimedia e hipervínculos que permiten ampliar a información.

**A este respecto, eu considero que** se conseguen mellores resultados nas plataformas con maior complexidade, tamén por parte dos usuarios que teñen unha escasa competencia dixital. O relativo esforzo que esixe a configuración e manexo non ten por que converterse en confusión, senón que é unha oportunidade de encamiñar a mellora do uso da web.

**Xórdeme múltiples razóns. A primeira que traio ao caso é** a posibilidade de ter páxinas e subpáxinas para organizar tematicamente e amosar desde un menú determinados contidos. E só unha plataforma potente permite facer iso para lle dar funcionalidades de páxina web ao blogue. De feito, son moitas as entidades e empresas que usan Wordpress para construír doadamente o seu espazo. Ademais, é evidente que paga a pena dispoñer de amplas funcionalidades (como a creación de álbums de imaxes), pois a complicación da administración compensa o non ter que acudir a servizos externos en moitos casos.

**Para deixalo aínda máis claro,** temos que tirarlle o máximo partido a unha ferramenta coma esta, que se adapta ás máis diversas necesidades de publicación na rede. Empreguemos, logo, un servizo robusto para poder ir, pouco e pouco, experimentando con complementos e enriquecendo a nosa bitácora.